



REUNIÓN DA COMISIÓN DE BOSQUE ACORDOS ADOPTADOS

Na reunión da Comisión de Bosque convocada mediante circular 26/2015, que tivo lugar en Redondela, ás 15:45h. do día 20 de setembro de 2015, adoptáronse os seguintes acordos, **pendentes da súa ratificación pola Comisión Delegada e pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro con Arco:**

- 1- Aplicación da normativa WA en todas as competicións de percorridos de bosque.
- 2- Establecer as categorías sub 14, cadete e junior coa distinción de “con visor” e “sen visor” para disputar a Liga Galega 3D e o Campionato Galego 3D (que se celebrará coincidindo co campionato absoluto).
- 3- O calendario das tiradas poderá establecerse cando a RFETA publique o calendario definitivo das tiradas da Liga Nacional 3D.
- 4- A Liga Galega 3D do próximo ano estará composta por un mínimo de 4 e un máximo de 5 tiradas. Para a clasificación final acórdase que se elimine unha das tiradas.
- 5- Asumen a organización os seguintes clubs: Cazarco, Arqueiros do Barbanza, Arco da Vella e Meigarco.
- 6- Os clubs organizadores deberán remitir á FGTA as puntuacións das tiradas, que deberán ser expostas (a través do medio máis axeitado) ao rematar a competición e antes da entrega de trofeos.
- 7- Publicadas as puntuacións e entregados os trofeos non haberá lugar a ningunha reclamación.
- 8- A clasificación da Liga Galega 3D pasará do sistema de puntos ao de puntos por posto alcanzado.
- 9- Para acudir subvencionado/a ao Campionato de España serán válidas todas as tiradas que se celebren entre un Campionato de España e o seguinte.
- 10- Incluírse na normativa de subvencións as puntuacións mínimas que deben acadar os arqueiros/as de arco composto para poder optar a subvención
- 11- O club Meigarco solicitou a organización do Campionato Galego 3D.


Mayte Doce Platas
Secretaria Xeral

Federación Galega de Tiro co Arco – N.I.F. G-27034131

APDO. DE CORREOS 5368 - 15009 – A CORUÑA

Presidencia: presidente@fgta.es Tfono.: 629628077 // Secretaría: secretaria@fgta.es Tfono.: 629615737